



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL (FEGADACE), PARA O FINANCIAMENTO DUN PROXECTO ESPECÍFICO DE DESENVOLVEMENTO PERSOAL E APODERAMENTO DE PERSOAS CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO PARA O EXERCICIO 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar coa **Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE)** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización e ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realice FEGADACE dende o 1 de xaneiro de 2024 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

Que o obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade dos gastos de persoal e gastos correntes derivados do desenvolvemento dun proxecto específico de desenvolvemento persoal e apoderamento de persoas con dano cerebral adquirido para o exercicio 2024.

FEGADACE leva a cabo un proxecto específico de desenvolvemento persoal e apoderamento de persoas con dano cerebral adquirido no exercicio 2024. O proxecto ten dúas liñas de intervención: contribuír á mellora da vida independente das persoas con dano cerebral adquirido, priorizando ás residentes en zonas rurais e con necesidades de coidados de longa duración, e apoderamento das persoas e familias con dano cerebral adquirido a través a través de accións formativas e divulgativas. Todas as accións desenvolvidas contribúen á garantía de que os coidados e apoios son de calidade, baseados na comunidade e fomentando a transición desde centros asistenciais cara a modelos familiares e comunitarios.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

